

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Información pública. Dedicacións parciais*

##### **Información Pública. Dedicacións parciais**

O Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 7 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo, que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.5 da lei 7/1985, de 2 de abril:

**PRIMEIRO.-** Recoñecemento do desempeño con dedicación parcial dos tres cargos de concelleiro/a delegado/a das áreas de Benestar Social, Desenvolvemento Económico e Cultura, Ensino e Deporte, cunha dedicación mínima de 15 horas semanais, no horario que fixe cada área, ao que se lle dará publicidade, para una máis completa atención ao público.

**SEGUNDO.-** Fixar como retribución bruta anual para os/as concelleiros/as delegados/as, a cantidade de doce mil douscentos cincuenta euros -12.250 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende a súa aprobación.

**TERCEIRO.-** Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a Alta dos/das sres./sras. Concelleiros/as, con efectos desde a aprobación, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social imponen ás Empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

**CUARTO.-** Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos segundo e terceiro do presente acordo; de ser o caso tramitar as correspondentes modificacións orzamentarias.

**QUINTO.-** Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Bergondo, 8 de xullo de 2015

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2015/7476